



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 15/12/2022

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D^a Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D^a Rocío Souto Torre

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora

D. Lucía Varela Martínez

Non asisten: (xustificando a ausencia)

D. Luis Angel Díaz González.
D. Luis Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e sete minutos do día quince de decembro de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión extraordinaria-urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 15/12/2022.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 15/12/2022

Expediente: 2022/G006/000259

O 30/08/2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Tendo en conta o correo electrónico de Augas de Galicia de data 07/12/2022, no que se informa, “É preciso tramitar unha addenda ao convenio para ampliar o seu prazo de vixencia ata o 31.12.2023 e, consecuentemente, reaxustar as súas anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións”, e onde indica que a remisión da aprobación polo órgano



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

competente do Concello do texto da addenda, debe ser, en todo caso antes do 16 de decembro de 2022 .

Tendo en conta os prazos para a tramitación da addenda ao convenio, e que a non tramitación en tempo, provocaría un prexuízo ao interese público municipal.

Esta Alcaldía Presidencia **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 15/12/2022

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**"

Non habendo intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 15/12/2022

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

2.- TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Tendo en conta á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdC: 2022/X999/000339)

O 30.08.2016 asinábase o “Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, logo da adopción polo Pleno celebrado en sesión ordinaria de 28.07.2016 do correspondente acordo.

En data 27.07.2017 o Pleno do Concello adoptaba o acordos relativos “1º Reaxuste das anualidades do convenio para o financiamento da obra “Melloras no Saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Ponte deume (A Coruña)”.

O pleno do Concello de Ponte deume adoptaba en sesión extraordinaria e urxente de 18.12.2018, entre outros, o acordo relativo á aprobación da “Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, formalizada en data 19.12.2018

En data 26.04.2018 o Pleno do Concello adoptaba o acordos relativos “2º Reaxuste das anualidades do convenio para o financiamento da obra “Melloras no Saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Ponte deume (A Coruña)”.

En data 10.03.2020 o Pleno do Concello, celebrado en sesión extraordinaria, adoptaba o acordo relativo á aprobación da “Segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”

Os plenos celebrados en sesións ordinarias en data 29.04.2021 e 27.01.2022 adoptaban os acordos de aprobación do 3º e 4º reaxuste de anualidades do dito convenio.

Logo de ver a proposta de Augas de Galicia, correo electrónico de 07/12/2022, de texto de borrador para a sinatura da “Terceira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, no que se indica que, a remisión da aprobación polo órgano competente do Concello do texto da addenda, debe ser, en todo caso **antes do 16 de decembro de 2022** .

Visto o contido do informe de fiscalización de data 14/12/2022.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar “Terceira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, cuxo texto se transcribe:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Ponte deume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1. O 30.08.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O 19.12.2018 formalizouse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución das actuacións.

O 24.4.2020 subscribiuse a segunda adenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución das actuacións.

2. O contrato da obra de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Ponte deume (A Coruña) formalizouse o 12.11.2018 cun prazo de execución de 15 meses.

Non obstante, ao longo da execución das obras detectáronse diversas incidencias que imposibilitaban a execución de determinadas partes da obra mediante o procedemento construtivo inicialmente previsto no proxecto orixinal e que implicaban o cambio de diversos elementos do sistema ou da súa disposición e xeometría. As citadas circunstancias xustificaron a redacción dun Proxecto Modificado, que se aprobou tecnicamente o 5.8.2022.

O 17.11.2022 formalizouse o contrato Modificado núm. 1 da obra de referencia, cun prazo de execución de 8 meses dende o día seguinte ao levantamento da acta de implantación, polo que a execución das actuacións obxecto do convenio finalizarán na anualidade 2023, polo que é preciso ampliar o prazo de vixencia, previsto inicialmente ata o 31.12.2022, e reaxustar a distribución de anualidades para adecualas ao ritmo previsto de execución das actuacións.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta (réxime de financiamento e obrigas de carácter económico) e décima (vixencia do convenio), nos seguintes termos:

1º A cláusula quinta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira

QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 4.300.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	833.414,16 €
2022	103.303,41 €
2023	1.068.285,28 €
	4.300.000,00 €

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberán observarse os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2º A cláusula décima do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2023. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Ponte deume, Bernardo Fernández Piñeiro”

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ponte deume para a sinatura desta e a realización de demais actuacións precisas para a súa execución, en nome e representación do concello de Ponte deume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos”.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- Toma a palabra D. Bernardo Fernández, Alcalde-Presidente, para explicar que coma xa e sabido, trátase da aprobación dunha nova addenda polos prazos de execución e de finalización da obra.

- Toma a palabra D^a Rocío Souto, concelleira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para preguntar cándo se retoma a obra, respondendo o Sr. Alcalde, D. Bernardo Fernández, que supostamente comezaron a semana pasada e xa están traballando.

- Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, para preguntar que prazo se baralla para finalizar a obra. Ao que responde D. Daniel Ríos, concelleiro do grupo municipal do Partido Socialista, indicando seis meses aproximadamente, segundo o encargado da obra. Ao respecto explica o Sr. alcalde que a estrutura está practicamente finalizada, e que quedan basicamente os equipos, tema eléctrico.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar “Terceira addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020”, cuxo texto se transcribe:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Ponte deume, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1. O 30.08.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte deume para a execución de actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello de Ponte deume (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O 19.12.2018 formalizouse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución das actuacións.

O 24.4.2020 subscribiuse a segunda adenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, realizar un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas inicialmente previstas ao ritmo de execución das actuacións.

2. O contrato da obra de melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Ponte deume (A Coruña) formalizouse o 12.11.2018 cun prazo de execución de 15 meses.

Non obstante, ao longo da execución das obras detectáronse diversas incidencias que imposibilitaban a execución de determinadas partes da obra mediante o procedemento construtivo inicialmente previsto no proxecto orixinal e que implicaban o cambio de diversos elementos do sistema ou da súa disposición e xeometría. As citadas circunstancias xustificaron a redacción dun Proxecto Modificado, que se aprobou tecnicamente o 5.8.2022.

O 17.11.2022 formalizouse o contrato Modificado núm. 1 da obra de referencia, cun prazo de execución de 8 meses dende o día seguinte ao levantamento da acta de implantación, polo que a execución das actuacións obxecto do convenio finalizarán na anualidade 2023, polo que é preciso ampliar o prazo de vixencia, previsto inicialmente ata o 31.12.2022, e reaxustar a distribución de anualidades para adecualas ao ritmo previsto de execución das actuacións.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas quinta (réxime de financiamento e obrigas de carácter económico) e décima (vixencia do convenio), nos seguintes termos:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1º A cláusula quinta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira

QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 4.300.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A chegada de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	833.414,16 €
2022	103.303,41 €
2023	1.068.285,28 €
	4.300.000,00 €

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adjudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberán observarse os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adopte decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígame a asumir os ditos importes económicos.

2º A cláusula décima do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2023. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Ponte deume, Bernardo Fernández Piñeiro”

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ponte deume para a sinatura desta e a realización de demais actuacións precisas para a súa execución, en nome e representación do concello de Ponte deume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportuno

REMATE DA SESIÓN

Antes de levantar a sesión, solicita tomar a palabra D. Santiago Rodríguez concelleiro do PP, e pregunta se é posible implantar a vía telemática para os Plenos urxentes, estando tamén de acordo D^a Rocío Souto. O Sr. Alcalde responde que si é legalmente posible, non ten problema.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e doce minutos do expresado día.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 29/12/2022, segundo o borrador asinado o día 15/12/2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.